

ANEXO III . COMPROMISO DO/A ESTUDANTE EN PRÁCTICAS

D/Dna.
e estudante de

con DNI n°
na Escola/Facultade

DECLARA QUE:

- Non manter relación laboral algunha neste momento nin durante a duración das prácticas coa entidade colaboradora na que as desenvolverei, sen prexuízo de que estas poidan ser interrompidas para establecer unha relación contractual ou agás que conte coa autorización expresa do meu titor/a académico, axustándose en todo caso ao recollido no Art. 8.2 do Regulamento de prácticas académicas externas desenvolvido pola Universidade de Vigo.
- Cumprir todas obrigacións estipuladas no R.D. 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, no seu artigo 9.2. Deberes dos estudantes en prácticas, que son as seguintes:
 - Coñecer e cumprir a normativa vixente relativa as prácticas externas establecida pola universidade.
 - Coñecer e cumprir o Proxecto Formativo das prácticas seguindo as indicacións do/a titor/a asignado pola entidade colaboradora baixo a supervisión do/a titor/a da universidade.
 - Manter contacto co/a titor/a da universidade durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida xurdir no mesmo, así como facer entrega dos documentos e informes de seguimento intermedio e a memoria final que lle sexan requiridos.
 - Incorporarse á entidade colaboradora de que se trate na data acordada, cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais da mesma.
 - Desenvolver o proxecto formativo e cumprir con dilixencia as actividades acordadas coa entidade colaboradora conforme as liñas establecidas en el mesmo.
- Elaborar unha memoria final das prácticas, acorde coas instrucións do meu centro
- Gardar confidencialidade en relación coa información interna da entidade colaboradora e gardar segredo profesional sobre as súas actividades, durante a miña práctica e unha vez finalizada esta.
- Mostrar, en todo momento, unha actitude respectuosa cara a política da entidade colaboradora, salvagardando o bo nome da universidade á que pertence.
- Comunicar, coa maior dilixencia posible, os días efectivos de prácticas ao inicio das mesmas así como as ausencias producidas no seu desenvolvemento.
- Calquera outro deber previsto na normativa vixente e/ou nos correspondentes Convenios de Cooperación Educativa suscrito pola Universidade coa entidade colaboradora.
- Respectar as normas das autoridades sanitarias que estean en vigor en cada momento, as esixencias preventivas de protección da saúde e as resolucións do Reitor da Universidade de Vigo para a adecuación da actividade docente ás restricións adoptadas pola Xunta de Galicia por razóns sanitarias.

Lugar e data:

Nome e sinatura do/a ALUMNO/A:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS

Responsable: Universidade de Vigo

Finalidade: xestionar e tramitar convenios de cooperación educativa e a realización de prácticas externas, ofertas de Emprego e bolsas de formación da Universidade de Vigo

Lexitimación: o tratamento dos datos de carácter persoal recollidos neste documento basease nas competencias atribuídas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades e desenvoltas polo Real Decreto 592/2014, do 1 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

Cesións: non se prevén cesións a terceiros

Dereitos: as persoas interesadas poderán exercer os seguintes dereitos: Acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e, no seu caso, portabilidade dos datos

Procedencia da información: a información recollida neste formulario procede da propia persoa interesada ou a súa representación legal.

Información adicional: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

EXEMPLO